

## **POLÍTICA DE CALIDADE**

A **Fundación Cultural da Estrada**, presta os seus servizos formativos e de orientación laboral á comunidade, proporcionalle ás persoas traballadoras inactivas un recurso para a mellora da súa capacidade de inserción. Por medio da formación nas diversas especialidades, a persoa usuaria accede a unha mellor capacitación, así como á adquisición das aptitudes e habilidades necesarias para promocionar profesionalmente co asesoramento do servizo de orientación laboral.

As accións formativas e a prestación dos servizos de orientación laboral e de asesoramento a empresarios e emprendedores levados a cabo pola **Fundación Cultural da Estrada** realízanse de acordo cunha política de calidade que se concreta en obxectivos coherentes con aquela, e que está suxeita á revisión e mellora continua, ao igual que a totalidade do Sistema de Xestión. Para iso, o Sistema de Xestión de Calidade da **Fundación Cultural da Estrada**, sempre orientado á satisfacción das necesidades e expectativas dos seus clientes e usuarios, actúa como marco de referencia para o establecemento e revisión dos citados obxectivos.

Por último, a Dirección da **Fundación Cultural da Estrada** está comprometida co cumprimento dos requisitos que poidan afectar ao funcionamento do centro, xa sexan de carácter legal, ou propios das esixencias da norma de referencia UNE-EN-ISO 9001:2015 polo que se rexe o Sistema de Xestión de Calidade.